



Benqueridas familias de Educación Infantil:

Cando xa levamos catro días na escola queremos transmitirvos a nosa satisfacción polo elevado grao de concienciación que demostran cada día os cativos e cativas no uso da máscara e nas normas de hixiene de mans. Isto non é achacable a nós, senón a vós, que fixestes un magnífico traballo durante estes meses. **Un grazas enorme!**

Tamén queremos agradecer a vosa paciencia e colaboración nas entradas e saídas. Iso permite que a evacuación das aulas se estea a desenvolver con fluidez e sen problemas. **Grazas!**

Precisamente, a **PACIENCIA** e a **COLABORACIÓN** eran dúas das claves que dabamos nas reunións de comezo de curso. Existen outras, como a **INCERTEZA**, a **FLEXIBILIDADE** e a **SAÚDE**.

Como saberedes, en todas as escolas existe un **Equipo COVID** que se encarga de coordinar as actuacións que, este curso, temos que desenvolver para **preservar a saúde de toda a Comunidade Educativa**: dos cativos e cativas, das familias e dos traballadores e traballadoras do centro. Iso require

unha análise continúa da realidade que vivimos, unha adaptación ás normativas cambiantes e unha readaptación das decisións que temos establecido no colexio.

Nestes días temos coñecido que, estando ben de saúde, algúns dos nosos alumnos e alumnas, nun exercicio de responsabilidade, permanecen confinados por sospeitas no entorno familiar. Tamén temos escoitado e lido na prensa que a enfermidade ataca tamén a rapazada moi cativa, e que algunhas garderías teñen que pechar momentaneamente as súas portas.

Estas circunstancias obríganos a pensar na necesidade de extremar as precaucións, habida conta de que o profesorado especialista comparte docencia en Infantil e Primaria, e que toda a Comunidade Escolar temos ó noso cargo familiares máis ou menos dependentes ou sensibles á COVID-19. Tamén entre o noso alumnado coñecemos casos de rapaces inmunodeprimidos ou con graves problemas respiratorios.

Así, **revisando a lexislación, atopamos** que, nas [Instrucións do día 31 de agosto de 2020](#), no **punto 3.3.**, indícase:

“Na etapa de Educación Infantil (...) sempre que sexa posible usárase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio”.

Tamén nestas instrucións **desaparece o punto 22.7** que dicía:

“O uso de máscara nestes grupos de idade cando formen grupos estables de convivencia non esixirá o uso obrigado de máscara nos recreos ou cambios de clase”.

Ante esta situación, o Equipo COVID solicitou o asesoramento do **teléfono de dúbidas sobre a COVID**, onde se **confirmou a conveniencia de que o alumnado de Educación Infantil permaneza coas súas máscaras a meirande parte do tempo posible.**

Por todas as razóns anteriormente expostas cremos que é **responsabilidade do Equipo COVID** dar un paso máis de cara **a preservar a saúde da totalidade da nosa Comunidade Educativa**, e **pedir o esforzo de que os nosos cativos e cativas de Educación Infantil permanezan coas súas máscaras durante un tempo máis prolongado**. (***Lembrede que o uso de máscaras de válvula están prohibidas***). Sabemos que moitos deles xa son uns superheroes e superheroínas que non terán ningún problema en levar adiante este novo reto.

Pedimos a colaboración das familias dos máis pequenos para afacelos, pouco a pouco, a usar este elemento que xa se está a facer parte de nós. **Sen a vosa axuda será misión imposible**.

Por último, entendemos que algunhas familias vos acollades ó dereito dos menores de 6 anos a non usar máscara durante o tempo lectivo. Nese caso agradeceríamos que nos manifestedes esta circunstancia mediante unha comunicación ó correo electrónico do centro.

Moitísimas grazas pola vosa comprensión e colaboración. Xuntos sacaremos este curso adiante!

O Equipo COVID